


Lectores expertos

	<i>Max Einstein, un experimento genial</i> James Patterson (Autor) Beverly Johnson (Ilustrador) Duomo ediciones Max Einstein é unha nena de doce anos que ten como misión acabar cos problemas da ciencia e axudar aos máis desfavorecidos cos seus inventos.
	<i>Versos e viceversos</i> Antonio García Teijeiro e Juan Carlos Martín Ramos (Autores) Juan Ramón Alonso (Ilustrador) Ed. Kalandraka Un exquisito libro de versos escrito a catro mans.
	<i>Conta nove estrelas</i> Andrea Maceiras (Autora) Paula Mayor (Ilustradora) Ed. Keraís Uns pequenos e peludos animais ameazan a Galaxia Oma. Quepi, unha estraña nena, comeza unha aventura desafiando os límites do universo coñecido.
	<i>Novo Mundo: Isabel Zendal na Expedición da Vacina</i> El primo Ramón (Texto e ilustracións) Ed. Bulubú No inverno de 1803 partiu un barco de Galicia con vinte nenos que portaron nos seus propios corpos a vacina da varíola para levala a América.



CEP MARCOS DA PORTELA

GUÍA DE LECTURAS VERÁN 2019

*Veu o mar á miña casa
e por min preguntou.*

*Tróuxome un libro de area
con versos de espuma branca
e algún reflexo da lúa
gardado entre as súas páxinas.*

Antonio G. Teijeiro



Felices Lecturas!

Primeiros lectores



A árbore

Astrid Desbordes e Pauline Martin (Autoras)
Ed. Kókinos

Archibaldo anda coa autoestima moi baixa. A súa nai ensinaralle a buscar o que de verdade lle gusta facer para aprender a quererse.



O dragón Antón e o sapo Rosendo

Autora: Rosalía Morlán
Ilustrador: Gabriel Iglesias Sanmartín
Edicións Fervenza

Contos poéticos cun dragón e un sapo que fuxen do seu castelo para vivir aventuras por Galicia adiante.



Osa y Lobo

Daniel Salmieri (Autor)
Ediciones Ekaré

Unha noite de inverno Osa e Lobo atópanse no bosque e comezan un camiño xuntos, observando a natureza.



A boa e a avoa

Pere Tobaruela (Autor)
Víctor Boullón (Ilustrador)
Edicións Embora

A Ona gústalle ler e na casa da súa avoa atopa un libro moi especial.

Lectores autónomos




Unha pantofoa branca

Fina Casalderrey (autora)
Xosé Covas (ilustr.)

Baía Edicións

Unha sombra escura rompe a tranquilidade da noite en Penagrande. Diego e Paula descubrirán un dos seres máis fascinantes da noite.



Tarde en el acuario

Nono Granero (Autor)
Carmen F. Agudo (Ilustradora)
Ed. Kalandraka


Poesía con humor para descubrir a natureza mariña ameazada pola contaminación.



O ladrón de voces

María Canosa Blanco (Autora)
Noemí López (Ilustradora)

As palabras son un tesouro. Son tan importantes que hai quen as quere roubar. Quen será “O ladrón de voces”?



Viva la ciencia

Lisa Regan (Autora)
Simon Abbott (Ilustrador)
Ed. SM

Libro que fala dos átomos, das reaccións químicas, da ciencia ao servizo da saúde...